
2.- EMPREGO



ESTUDO DO MERCADO DE TRABALLO na área funcional de Lalín que se realiza a continuación está dividido en tres grandes apartados.

En primeiro lugar analízase a **situación demográfica** da área funcional como elemento introductorio da situación do mercado de traballo. Os datos correspondentes á poboación obtivéronse do *Padrón Municipal de Habitantes* con referencia ao 1 de xaneiro de 2003 e 2004. Asemade tamén foron utilizadas outras dúas fontes publicadas polo Instituto Galego de Estatística, como son o *Movemento natural da poboación*, dos anos 2001 e 2002, e o *Censo de Poboación e Vivendas 2001*, xunto ao *Anuario Social 2004*, publicado por La Caixa.


A continuación considéranse os datos propios do **mercado de traballo** re-

collidos tanto no *Censo de Poboación e Vivendas 2001*, que contén datos da distribución da poboación en vivendas familiares de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica (poboación activa, poboación inactiva, poboación ocupada e parada, taxas de ocupación, paro e actividade), como no *Informe comarcal do mercado laboral* do ano 2004 publicado pola Xunta de Galicia.

Finalmente, realízase un estudo das **medidas activas de emprego**, facendo referencia aos programas de mellora da empregabilidade, ás actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, ás actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego e aos programas de cooperación e escolas obradoiro. Para a realización deste terceiro apartado terase en conta a información recollida nas *Medidas activas de em-*

G.2.1.

Pirámide de poboación da área funcional de Lalín



Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

prego. Balance de resultados correspondentes aos anos 2003 e 2004.

Demografía

Segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), a poboación residente na área funcional de Lalín a 1 de xaneiro do ano 2004 ascendía a 74.934 persoas, o que representa o 8% da poboación total da provincia de Pontevedra. Comparando co conxunto de Galicia, esta área funcional acolle ao 2,7% do total da poboación galega, mentres que a súa superficie representa o 5,3% da superficie galega total.

No gráfico 2.1., observamos a pirámide de poboación correspondente á área funcional de Lalín, por grupos quinquenais para o ano 2001. O perfil xeral desta pirámide poboacional non ten a forma xeométrica piramidal, a que mostra ás poboacións xoves, cun maior peso na base e cun centro de gravidade moi baixo; o perfil da pirámide poboacional da área fun-

cional de Lalín mostra unha poboación envellecida marcada por porcentaxes de poboación menor de 14 anos de aproximadamente o 11% do total, fronte á porcentaxe de poboación maior de 65 anos que supera o 25% do total, síntoma inequívoco do proceso de envellecemento da poboación.

No que respecta á análise por sexos e idades, o grupo de homes máis numeroso é o de individuos con idades comprendidas entre 20 e 24 anos, mentres que no caso das mulleres é o de 65 a 69 anos. En todo caso, o número de mulleres con máis de 60 anos é superior ao dos homes.

Atendendo á distribución comarcal, as pirámides poboacionais das dúas comarcas que compoñen a área funcional analizada (**anexos I e II**) teñen unha estrutura marcada por un elevado centro de gravidade que demostra unha tendencia de envellecemento da poboación. A comarca do Deza, tal como acontecía na pirámide poboacional do conxunto da área funcional, mostra como a poboación

maior de 65 anos da comarca abarca o 25% da poboación total, fronte ao 11% da poboación menor de 14 anos. Por sexos, salienta que a franxa de idade cun maior número de homes é a comprendida entre 20 e 24 anos, mentres que no caso das mulleres a franxa de idade con maior poboación é a que comprende a mulleres con idades entre 65 e 69 anos.

No que respecta á comarca de Tabeirós-Terra de Montes, a forma da pirámide de poboación mostra, ademais do xa nomeado envellecemento da mesma, unha concentración da poboación nas franxas de idade comprendidas entre 20 e 34 anos e 65 e 74 anos. Así mesmo, a porcentaxe de poboación con máis de 65 anos supera o 26% do total, fronte á poboación con menos de 14 anos, que é aproximadamente do 10%.

A comparación das pirámides comarcais coa pirámide de poboación provincial (**anexo III**) mostra como as pirámides comarcais teñen un centro de gravidade máis elevado. Neste senso, as porcentaxes de poboación maior de 65 anos e menor de 14 da provincia de Pontevedra son, respectivamente, do 17% e do 13%.

Do **cadro 2.1.** pódese extraer unha análise da evolución da poboación nos distintos ámbitos xeográficos no período que comprende dende o ano 1998 ao 1 de xaneiro de 2004. Neste período, no conxunto da área funcional obxecto do informe prodúcese unha redución da poboación de 3.173 individuos, o que supón unha taxa de redución do 4,1%. A redución no volume de poboación no período sinalado é común ás dúas comarcas que

compoñen a área funcional, tendo a maior taxa de redución da poboación a comarca do Deza co 4,6% de poboación menos no período sinalado, fronte ao 3,2% da comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

Por outra banda, é importante ter en conta as diferencias existentes tanto entre comarcas como a nivel municipal, en canto ás densidades de poboación. Tendo en conta que a densidade de poboación media de Galicia para o ano 2004 é de 93,06 hab/km² e, a da provincia de Pontevedra de 207,15 hab/km², dentro da área funcional de Lalín a comarca cunha maior densidade de poboación é a de Tabeirós-Terra de Montes con 55,09 hab/km², seguida da comarca do Deza con 44,59 hab/km², destacando a gran diferenza de extensión existente entre as dúas comarcas; as dúas comarcas que comprenden a área funcional están por debaixo da densidade media galega e da densidade de poboación media da provincia de Pontevedra, así mesmo as dúas comarcas sufriron unha redución da súa densidade de poboación no período 1998-2004, provocada pola diminución, xa sinalada, da súa poboación no citado período. A nivel municipal, en canto á densidade de poboación, destacan os concellos de A Estrada (79,06 hab/km²) e Lalín (63,3 hab/km²), sendo este último o único concello da área funcional onde no período analizado produciuse un incremento de poboación, sendo este incremento do 3,03%.

No que respecta á porcentaxe de poboación que representa cada comarca dentro da área funcional, destacar a comarca do Deza co 61,1% da poboación da

2.1.

Poboación 1998-2004: principais datos

	1998		2000		2003		2004		Variación poboación 1998-2004	Taxa incremento poboación 1998-2004 (%)	Densidade poboación	Densidade poboación	Extensión km ²
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Poboación	Poboación			1998	2004	
Área funcional de Lalín	78.107	37.460	40.647	77.246	36.933	40.313	75.740	74.934	-	3.173	50,20	48,16	1.586
Comarca do Deza	47.990	23.377	24.613	47.474	23.052	24.422	46.361	45.793	-2.197	-4,58	46,73	44,59	1.027
A Golida	4.457	2.176	2.281	4.391	2.158	2.233	3.875	3.678	-719	-17,48	30,11	24,85	148
Dozón	2.279	1.104	1.175	2.174	1.037	1.137	2.059	2.030	-249	-10,93	30,80	27,43	74
Lalín	20.090	9.723	10.367	20.169	9.707	10.462	20.648	20.698	608	3,03	61,44	63,30	327
Rodeiro	4.455	2.280	2.175	4.355	2.232	2.123	3.734	3.553	-902	-20,25	28,74	22,92	155
Silleda	9.339	4.490	4.849	9.214	4.416	4.798	9.092	9.055	-284	-3,04	55,59	53,90	188
Vila de Cruces	7.370	3.604	3.766	7.171	3.502	3.669	6.953	6.779	-991	-8,02	47,55	43,74	135
Comarca de Taboairós-Terra de Montes	30.117	14.083	16.034	29.772	13.881	15.891	29.379	29.141	-976	-3,24	56,93	55,09	529
Cerdeido	2.684	1.162	1.522	2.566	1.122	1.444	2.313	2.308	-376	-14,01	33,55	28,85	80
A Estrada	22.369	10.552	11.837	22.317	10.456	11.861	22.362	22.217	-152	-0,68	79,60	79,06	281
Forcarei	5.064	2.389	2.675	4.889	2.303	2.586	4.704	4.616	-448	-8,85	30,14	27,48	168
Provincia Pontevedra	906.298	434.381	471.917	912.621	437.581	475.040	927.555	930.931	24.633	2,72	201,67	207,15	4.494
Galicia	2.724.544	1.310.415	1.414.129	2.731.900	1.312.391	1.419.509	2.751.094	2.750.985	26.441	0,97	92,17	93,06	29.560
Área funcional / Provincia	8,6	8,6	8,6	8,5	8,4	8,5	8,2	8,0					
Área funcional / Galicia	2,9	2,9	2,9	2,8	2,8	2,8	2,8	2,7					

Fonte: /GE

2.2.

Movemento natural da poboación 2001-02

	2001				2002				2002-01			
	Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo		Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo		Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo	
Área funcional de Lalín	431	911	-480		432	873	-441		0.2	-4.4	-8.8	
Comarca do Deza	245	546	-301		253	519	-266		3.2	-5.2	-13.2	
A Golada	17	65	-48		16	45	-29		-6.3	-44.4	-65.5	
Dozón	7	27	-20		7	20	-13		0.0	-35.8	-53.8	
Lalín	127	179	-52		127	205	-78		0.0	12.7	33.3	
Rodeiro	21	57	-36		15	51	-36		-40.0	-11.8	0.0	
Silleda	40	129	-89		61	112	-51		34.4	-15.2	-74.5	
Vila de Cruces	33	89	-56		27	86	-59		-22.2	-3.5	5.1	
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	186	365	-179		179	354	-175		-3.9	-3.1	-2.3	
Cerdedo	8	41	-33		8	28	-20		0.0	-46.4	-65.0	
A Estrada	160	269	-109		152	247	-95		-5.3	-8.9	-14.7	
Focareí	18	55	-37		19	79	-60		5.3	30.4	38.3	
Provincia Pontevedra	7.682	7.977	-295		7.717	8.171	-454		0.5	2.4	35.0	
Galicia	19.361	28.300	-8.939		19.327	28.353	-9.026		-0.2	0.2	1.0	

Fonte: IGE, Movemento Natural da Poboación

área funcional e o 4,9% da poboación total da provincia de Pontevedra, sendo estas porcentaxes para a comarca de Tabeirós-Terra de Montes do 38,9% e do 3,1% respectivamente.

En canto á variación que se produce no total de poboación debido a factores naturais, é dicir, o saldo vexetativo, entendido como a diferenza entre os nacementos e as defuncións, existen datos do movemento natural da poboación para os anos 2001 e 2002 no **cadro 2.2.**, onde a nota común ás dúas comarcas que compoñen a área funcional é a existencia dun maior número de defuncións que de nacementos, así como a redución no período 2001-2002 do saldo vexetativo negativo.

No conxunto da área funcional de Lalín rexistráronse no ano 2002 un total de 432 nacementos, un 0,2% máis que no ano anterior, e 873 defuncións, un 4,4% menos que no ano 2001, pasando o saldo vexetativo de -480 no ano 2001 a -441 no ano 2002. Comparando co conxunto de Galicia, na área funcional obxecto de análise concéntranse o 2,2% dos nacementos galegos no ano 2002 e o 3,1% das defuncións.

No ano 2002 na comarca do Deza rexistráronse un total de 253 nacementos, un 3,2% máis que no ano anterior, e 519 defuncións, un 5,2% menos que no ano 2001, pasando o saldo vexetativo de -301 no ano 2001 a -266 no ano 2002. No que respecta á comarca de Tabeirós-Terra de Montes, no ano 2002 rexistráronse un total de 179 nacementos, un 3,9% menos que no ano anterior, e 354 defuncións, un 3,1% menos que no ano anterior, co que o

saldo vexetativo pasou de -179 no ano 2001 a -175 no ano 2002.

A nivel municipal cabe salientar que os nove concellos que compoñen a área funcional presentan saldo vexetativo negativo, tanto no ano 2001 como no ano 2002, destacando a redución do citado saldo no período 2001-2002 en todos os concellos da área funcional agás en Lalín, Vila de Cruces e Forcarei, onde se incrementou, e no concello de Rodeiro, onde se mantivo estable.

Atendendo ao **cadro 2.3.**, e tendo en conta que, como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello, existen agrupacións de entidades singulares, (parroquias, irmandades e outras), que conforman unha unidade colectiva de poboación con personalidade propia e unha orixe marcadamente histórica, existen na área funcional un total de 233 entidades colectivas de poboación e 1.678 entidades singulares de poboación no ano 2004. Comparando estas cifras coas obtidas do Censo de 1991, o número de entidades colectivas permanece inalterado no período analizado, mentres que as entidades singulares de poboación incrementáronse nun 0,4% no conxunto da área funcional.

Seguindo coa análise poboacional, resulta de interese estudar a dispersión ou concentración da poboación dentro da área funcional, en canto aos seus efectos socioeconómicos. Ao non existir na literatura un indicador claro deste fenómeno, e por dispoñer só de datos desagregados ata o nivel municipal, óptase por recoller a poboación residente en núcleos de

2.3.

Entidades singulares e colectivas de poboación 1991-2004

	1991		2004		2004-1991	
	Entidades singulares	Entidades colectivas	Entidades singulares	Entidades colectivas	Entidades singulares (%)	Entidades colectivas (%)
Área funcional de Lalín	1.672	233	1.678	233	0,4	0,0
Comarca do Deza	1.062	161	1.062	161	0,0	0,0
A Golada	139	24	139	24	0,0	0,0
Dozón	55	8	55	8	0,0	0,0
Lalín	333	48	333	48	0,0	0,0
Rodeiro	146	20	146	20	0,0	0,0
Silleda	248	33	248	33	0,0	0,0
Vila de Cruces	141	28	141	28	0,0	0,0
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	610	72	616	72	1,0	0,0
Cerdedo	49	8	53	8	8,2	0,0
A Estrada	457	51	458	51	0,2	0,0
Forcarei	104	13	105	13	1,0	0,0
Provincia Pontevedra	6.088	666	6.241	666	2,5	0,0
Área funcional / Provincia (%)	27,5	35,0	26,9	35,0		

(1) Segundo o Glosario terminolóxico do INE, como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello existen, nalgúns rexións, agrupacións de entidades singulares, (parroquias, irmandades e outras), que conforman unha entidade colectiva de poboación con personalidade propia e unha orixe marcadamente histórica

Fonte: IGE

menos de 2.000 habitantes, entre 2.000 e 5.000 habitantes, entre 5.000 e 10.000 habitantes, entre 10.000 e 20.000 habitantes e de máis de 20.000 habitantes.

O **cadro 2.4.** reflicte os datos absolutos, a 1 de xaneiro do ano 2004, de poboación residente nos 9 concellos que compoñen a área funcional, agrupada a nivel comarcal nas franxas de habitantes antes sinaladas.

No conxunto da área funcional, os nove concellos que a compoñen teñen máis de 2.000 habitantes, así, no que respecta á poboación residente en concellos entre 2.000 e 5.000 habitantes, o 21,6% da poboación total da área funcional reside en concellos comprendidos nesta franxa de habitantes. A porcentaxe de residentes nesta franxa na comarca do Deza é do 20,2% da poboación total, e na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, do 23,8% do total da poboación comarcal.

En relación á poboación residente en concellos entre 5.000 e 10.000 habitantes, a media da área funcional sitúase no 21,2% da poboación total. O 100% da poboación da área funcional residente nestes concellos pertence á comarca do Deza, representando o 34,6% da poboación total da comarca.

Por último, a poboación residente en núcleos de máis de 20.000 habitantes na área funcional analizada supón o 57,3% da poboación total da área funcional, concentrada nos concellos de Lalín e A Estrada, que agrupan, respectivamente, o 45,2% e o 76,2% da poboación total comarcal.

Como complemento do anteriormente citado, o **gráfico 2.2.** amosa dun xeito sinxelo a concentración da poboación, podéndose observar con claridade as características e trazos anteriormente comentados.

2.4.


Poboación nos concellos 2004: distribución segundo tramos de número de habitantes

	< 2.000 hab	2.000 > hab > 5.000	5.000 > hab > 10.000	10.000 > hab > 20.000	> 20.000	Total
Comarca do Deza	-	9.261	15.834	-	20.698	45.793
A Golada	-	3.678	-	-	-	3.678
Dozón	-	2.030	-	-	-	2.030
Lalín	-	-	-	-	20.698	20.698
Rodeiro	-	3.553	-	-	-	3.553
Silleda	-	-	9.055	-	-	9.055
Vila de Cruces	-	-	6.779	-	-	6.779
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	-	6.924	-	-	22.217	29.141
Cerdedo	-	2.308	-	-	-	2.308
A Estrada	-	-	-	-	22.217	22.217
Forcarei	-	4.616	-	-	-	4.616
Área funcional de Lalín	-	16.185	15.834	-	42.915	74.934
Provincia Pontevedra	704	75.508	98.427	206.420	549.872	930.931
Área funcional/ provincia (%)	-	21,4	16,1	-	7,8	8,0

Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes

G.2.2.

Concentración da poboación



Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes 2004

Á hora de analizar os movementos migratorios dentro da área funcional de Lalín, pódense distinguir catro formas de conceptualizar o fenómeno migratorio: inmigración interior, inmigración exterior, emigración interior e emigración exterior. O **cadro 2.5.** recolle datos a nivel municipal a excepción da emigración exterior (baixas no Padrón Municipal de Habitantes que se rexistran como consecuencia da saída de residentes para o estranxeiro).

No que respecta á inmigración interior, compútanse as altas no Padrón Municipal de Habitantes que se rexistran nos concellos como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes doutros concellos do territorio español. Neste senso, na área funcional de Lalín a 1 de xaneiro de 2003 rexistráranse 875 altas con esas características. A nivel municipal, observamos como os concellos con maior poboación son os que reciben un maior volume de inmigración interior,

2.5.

Movements migratorios a 1 de xaneiro de 2003

	Inmigración interior	Inmigración exterior	Emigración interior	Saldo migratorio	Taxa migración (%)
Comarca do Deza	534	228	644	118	2,58
A Golada	48	6	80	-26	-6,06
Dozón	18	9	32	-5	-2,31
Lalín	267	106	220	153	7,55
Rodeiro	17	6	48	-25	-5,80
Silleda	120	79	156	43	4,69
Vila de Cruces	64	22	108	-22	-3,10
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	341	92	478	-45	-1,54
A Estrada	242	77	337	-18	-0,81
Forcarei	65	12	83	-6	-1,24
Cerdedo	34	3	58	-21	-8,32
Área funcional de Lalín	875	320	1.122	73	0,97
Provincia Pontevedra	15.558	4.303	17.011	2.850	3,11
Área funcional/ provincia (%)	5,6	7,4	6,6	2,6	

Fonte: La Caixa, Anuario Social

destacando os concellos de Lalín, A Estrada e Silleda, con 267, 242 e 120 altas, respectivamente. Sen embargo, son tamén estes concellos os que presentan un maior volume de emigración interior (saídas de residentes cara a outros concellos da xeografía española). Neste senso, só o concello de Lalín presenta saldo positivo, xa que o volume de emigración interior é menor que o de inmigración interior, cun saldo positivo de 47 individuos.

En relación á inmigración exterior –altas no Padrón de Habitantes como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes do estranxeiro–, o conxunto da área funcional acolleu no ano 2002 a 320 novos estranxeiros, destacando a comarca do Deza, onde se empadroaron o 71,2% dos novos inmigrantes. A nivel municipal os concellos de Lalín (106 altas), Silleda (79 altas) e A Estrada (77 altas) son os que reciben un maior volume de inmigración exterior. En xeral, no citado ano, a área funcional de Lalín recibiu o 7,4% da poboación inmigrante estranxeira total da provincia de Pontevedra.

Unha vez analizados estes indicadores, obsérvase como o saldo migratorio, é dicir, o resultado de restar aos dous tipos de inmigración (interior e exterior) a emigración interior, é positivo para o conxunto da área funcional e para a comarca do Deza. A comarca do Deza presenta un saldo positivo de 118 individuos, grazas, fundamentalmente, ao elevado saldo positivo do concello de Lalín (153 individuos) e Silleda (43 individuos), mentres que a comarca de Tabeirós-Terra de Montes presenta un saldo negativo de 45 individuos.

Finalmente, o **cadro 2.6.** mostra a emigración externa da área funcional de Lalín distinguindo entre a emigración cara outra comunidade autónoma do Estado español ou cara ao estranxeiro no período 2002-2004. No ano 2004 o total da emigración externa do conxunto da área funcional de Lalín ascendeu a 495 individuos, dos que o 87,7% emigraron a outra comunidade autónoma e o 12,3% restante (61 individuos) cara ao estranxeiro. Estas cifras implican unha redución da emigración externa na área funcional no período

2.6.

Emigración externa da área funcional de Lalín 2002-04

	2002			2003			2004			2004/2002		
	Total E. Externa	A outra CCAA	Ó estranxeiro	Total E. Externa	A outra CCAA	Ó estranxeiro	Total E. Externa	A outra CCAA	Ó estranxeiro	Total E. Externa	A outra CCAA (%)	Ó estranxeiro
Comarca do Deza	328	230	98	239	226	13	294	276	18	-11,6	16,7	-444,4
A Golada	28	25	3	25	23	2	18	17	1	-55,6	-47,1	-200,0
Dozón	9	3	6	5	5	-	6	6	-	50,0	50,0	0,0
Lalín	164	116	48	118	115	3	184	171	13	10,9	32,2	-269,2
Rodeiro	10	7	3	11	11	-	14	13	1	28,6	46,2	-200,0
Silleda	59	37	22	39	36	3	47	44	3	-25,5	15,9	-633,3
Vila de Cruces	58	42	16	41	36	5	25	25	-	-132,0	-66,0	0,0
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	202	144	58	171	151	20	201	158	43	-0,5	8,9	-34,9
A Estrada	143	113	30	134	128	6	155	128	27	7,7	11,7	-11,1
Forcarei	32	11	21	26	16	10	34	23	11	5,9	52,2	-90,9
Cerdado	27	20	7	11	7	4	12	7	5	-125,0	-185,7	-40,0
Área funcional de Lalín	530	374	156	410	377	33	495	434	61	-7,1	13,8	-155,7
Provincia Pontevedra	7.689	6.282	1.407	7.265	6.725	540	7.608	6.862	746	-1,1	8,5	-88,6
Total Galicia	22.877	18.684	4.193	22.548	20.297	2.251	22.645	20.208	2.437	-1,0	7,5	-72,1

Fonte:/GE. Estatística de variacións residenciais

2.7.

Poboación: distribución segundo o lugar do nacemento a 1 de xaneiro de 2003

	Nados mesmo municipio	Nados noutro municipio da súa provincia	Nados noutro municipio da súa CA (%)	Nados noutras CCAA	Nados país estranxeiro
Comarca do Deza					
A Golada	78,4	7,2	8,4	3,2	2,7
Dozón	82,8	9,0	5,4	1,1	1,7
Lalín	78,2	8,4	4,4	2,5	6,4
Rodeiro	85,8	4,9	5,0	1,0	3,3
Silleda	76,7	11,8	3,6	2,2	5,7
Vila de Cruces	83,2	6,1	5,5	2,0	3,2
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes					
A Estrada	78,9	7,6	6,6	2,2	4,7
Forcarei	82,0	8,6	2,9	1,9	4,7
Cerdedo	81,8	9,9	2,2	2,4	3,7
Provincia Pontevedra	67,5	16,1	7,5	4,2	4,6
Total C. A. Galicia	63,0	21,6	6,4	4,6	4,5
Total España	48,2	24,6	3,7	17,3	6,2

Fonte: La Caixa, Anuario Social

odo sinalado do 7,1% (incremento do 13,8% na emigración cara á outra CCAA, e redución do 155,7% da emigración cara ao estranxeiro). A emigración externa da área funcional de Lalín supón o 6,5% da emigración externa total da provincia de Pontevedra e o 2,2% da emigración externa total galega, que no ano 2004 acadou os 22.645 individuos.

Co obxecto de complementar os datos anteriores, o **cadro 2.7.** describe a distribución da poboación segundo o seu lugar de nacemento.

En relación á porcentaxe de residentes nados no mesmo concello, a media galega a 1 de xaneiro de 2003 sitúase no 63% da poboación e a media da provincia de Pontevedra, no 67,5%. Dentro da área funcional de Lalín, os nove concellos que a integran están por encima da porcentaxe media da provincia de Pontevedra, destacando concellos como Rodeiro, co 85,8% da súa poboación nada no municipio, Vila de Cruces, co 83,2%, ou Dozón, co 82,8%, entre outros.

A porcentaxe media de residentes nados noutros municipios pertencentes á mesma provincia, é, no caso de Galicia, do 21,6% e no caso da provincia de Pontevedra, do 16,1% da súa poboación. Os nove concellos pertencentes á área funcional están por debaixo da porcentaxe media galega e da porcentaxe media da provincia de Pontevedra, salientando o concello de Rodeiro, onde só o 4,9% da súa poboación naceu noutro concello da mesma provincia.

En relación á porcentaxe media de residentes nados noutras comunidades autónomas, a media para Galicia é do 4,6% da poboación total, sendo a media para a provincia de Pontevedra do 4,2%. Dentro da área funcional todos os concellos están por debaixo desas porcentaxes, destacando os concellos de Rodeiro e Dozón, con só o 1% e o 1,1% das súas respectivas poboacións totais nadas noutras comunidades autónomas. Finalmente, no que respecta aos residentes nados noutro país estranxeiro, a media galega sitúase no 4,5% da poboación total e a media da provincia

2.8.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo a súa relación coa actividade económica

	Área funcional de Lalín			Pontevedra	Galicia
	Total	Deza	Tabeirós-Terra de Montes		
Poboación maior de 16 anos	66.101	40.100	26.001	769.107	2.334.674
Poboación Activa	32.614	20.123	12.491	412.732	1.183.150
Pob. ocupada	29.668	18.490	11.178	359.588	1.035.178
Pob. parada	2.946	1.633	1.313	53.144	147.972
Na procura do 1º emprego	659	411	248	10.089	32.070
Xa traballou antes	2.287	1.222	1.065	43.055	115.902
Poboación Inactiva	33.487	19.977	13.510	356.375	1.151.524
Xubilado	17.558	10.407	7.151	120.786	450.591
Pensionista	4.497	2.961	1.536	49.774	157.000
Estudiante	4.774	2.804	1.970	74.707	212.725
Tarefas fogar	5.942	3.354	2.588	94.620	273.031
Outras	716	451	265	16.488	58.177

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 2001

de Pontevedra no 4,6% da súa poboación total. Dos 9 concellos que compoñen a área funcional, catro superan as porcentaxes galega e provincial de residentes nados nun país estranxeiro: Lalín (6,4%), Silleda (5,7%), Forcarei (4,7%) e A Estrada (4,7%).

Mercado de traballo

A análise do mercado de traballo realízase a partir da información recollida no *Censo de Poboación e Vivendas 2001* publicado polo IGE, así como do *Informe comarcal do mercado laboral* da Xunta de Galicia. En primeiro lugar preséntanse os datos da taxa de actividade, taxa de ocupación e poboación ocupada e taxa de paro correspondentes ao ano 2001, para posteriormente analizar os datos do desemprego rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia a 31 de decembro de 2003 e 2004.

• *Actividade e ocupación*

Atendendo aos datos do *Censo de Poboación e Vivendas* de 2001, a poboación

en vivendas familiares maior de 16 anos na área funcional de Lalín ascendeu a 66.101 persoas (o 8,6% do total da provincia de Pontevedra e o 2,8% do total galego), das que 34.749 persoas eran mulleres (o 2,8% da poboación galega feminina de 16 e máis anos en vivendas familiares) e 31.352 persoas eran homes (o 2,8% da poboación galega masculina de 16 e máis anos en vivendas familiares).

A poboación activa na área funcional de Lalín ascendeu no ano 2001 a 32.614 persoas, das que 29.668 están ocupadas e 2.946 son persoas desempregadas (**cadro 2.8.**). Atendendo á distribución segundo sexos, o **cadro 2.9.** amosa que o 59% da poboación ocupada total da área funcional son homes, sendo esta porcentaxe do 47,2% no caso da poboación parada.

Tendo en conta a relación entre a poboación activa e ocupada coa poboación maior de 16 anos, así como a relación entre a poboación parada e a activa, o **cadro 2.10.** reflicte, por unha banda, que no caso da área funcional de Lalín as taxas de actividade e paro son inferiores

2.9.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Homes					
	Área funcional de Lalín			Pontevedra	Galicia
	Total	Deza	Tabeirós-Terra de Montes		
Poboación maior de 16 anos	31.352	19.326	12.026	364.986	1.110.986
Poboación Activa	18.932	11.627	7.305	241.622	689.617
Pob. ocupada	17.542	10.828	6.714	217.844	621.076
Pob. parada	1.390	799	591	23.778	68.541
Na procura do 1º emprego	246	178	68	3.782	12.203
Xa traballou antes	1.144	621	523	19.996	56.338
Poboación Inactiva	12.420	7.699	4.721	123.361	421.369
Xubilado	8.077	4.934	3.143	67.667	250.547
Pensionista	1.597	1.100	497	12.510	41.485
Estudiante	1.982	1.164	818	33.266	95.387
Tarefas fogar	315	226	89	1.620	5.125
Outras	449	275	174	8.298	28.825
Mulleres					
	Área funcional de Lalín			Pontevedra	Galicia
	Total	Deza	Tabeirós-Terra de Montes		
Poboación maior de 16 anos	34.749	20.774	13.975	404.124	1.223.688
Poboación Activa	13.682	8.496	5.186	171.110	493.533
Pob. ocupada	12.126	7.662	4.464	141.744	414.102
Pob. parada	1.556	834	722	29.366	79.431
Na procura do 1º emprego	413	233	180	6.307	19.867
Xa traballou antes	1.143	601	542	23.059	59.564
Poboación Inactiva	21.067	12.278	8.789	233.014	730.155
Xubilado	9.481	5.473	4.008	53.119	200.044
Pensionista	2.900	1.861	1.039	37.264	115.515
Estudiante	2.792	1.640	1.152	41.441	117.338
Tarefas fogar	5.627	3.128	2.499	93.000	267.906
Outras	267	176	91	8.190	29.352

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 2001

ás rexistradas para o conxunto de Galicia tanto a nivel xeral, como no caso de homes e mulleres, mentres que a taxa de ocupación é superior á galega en todos os casos.

Por outra banda, atendendo á distribución segundo sexo, ao igual que para o conxunto de Galicia, dentro da área funcional existe unha diferenza entre as taxas de ocupación e actividade masculina e feminina entorno aos vinte puntos, sendo a taxa de desemprego 4,1 puntos porcentuais superior no caso das mulleres, un diferencial menor ao existente no

conxunto de Galicia, onde a taxa de paro feminino é 6,2 puntos porcentuais superior á masculina.

No que respecta á poboación ocupada, os **cadros 2.9.** e **2.10.** amosan que dos 29.668 ocupados na área funcional de Lalín, 17.542 persoas son homes (o 59,1%) e 12.126 son mulleres (o 40,9%).

Atendendo á distribución sectorial das persoas ocupadas dentro da área funcional, en base aos datos proporcionados polo *Censo de Poboación e Vivendas 2001*, destacar que, tal como se mostra no

2.10.

Taxas de actividade, ocupación e paro 2001: distribución segundo sexo

	Total			Homes			Mulleres		
	Taxa de actividade	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro	Taxa de actividade	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro	Taxa de actividade	Taxa de ocupación (%)	Taxa de paro
Comarca do Deza	50,2	46,1	8,1	60,2	56,0	6,9	40,9	36,9	9,8
A Golada	40,8	36,6	10,2	49,5	45,7	7,7	32,6	28,1	13,8
Dozón	50,6	46,3	8,5	58,1	54,2	6,7	43,6	39,0	10,7
Lalín	54,2	49,7	8,2	63,9	59,8	6,5	45,2	40,4	10,5
Rodeiro	47,7	43,8	8,1	56,0	51,3	8,3	39,2	36,1	7,9
Silleda	51,2	48,1	6,2	61,8	58,3	5,7	41,8	38,9	6,8
Vila de Cruces	44,4	40,3	9,4	56,9	52,2	8,4	32,6	29,0	11,0
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	48,0	43,0	10,5	60,7	55,8	8,1	37,1	31,9	13,9
Cerdedo	42,2	38,0	9,8	53,2	49,2	7,5	33,4	29,2	12,8
A Estrada	46,7	43,4	10,9	62,0	57,0	8,2	37,2	31,7	14,9
Forcarei	47,9	43,6	9,1	58,6	53,8	8,1	38,6	34,6	10,4
Total área funcional de Lalín	49,3	44,9	9,0	60,4	56,0	7,3	39,4	34,9	11,4
Pontevedra	53,7	46,8	12,9	66,2	59,7	9,8	42,3	35,1	17,2
Galicia	50,7	44,3	12,5	62,1	55,9	9,9	40,3	33,8	16,1

Fonte: /GE

2.11.

Poboación ocupada en vivendas familiares 2001: distribución segundo sector e situación profesional.

	Área funcional de Lalín			Pontevedra	Galicia
	Total	Deza	Tabeirós-Terra de Montes		
Poboación ocupada	29.668	18.490	11.178	359.588	1.014.566
Agricultura	6.645	5.026	1.619	14.972	76.187
Pesca	103	72	31	18.366	34.009
Industria	5.325	3.476	1.849	79.223	190.663
Construcción	4.732	2.688	2.044	43.942	123.172
Servicios	12.863	7.228	5.635	203.085	590.535
Segundo situación profesional					
Traballador por conta propia	10.856	7.589	3.267	67.658	226.972
Emprega persoal	2.391	1.484	907	24.377	70.761
Non emrega persoal	8.465	6.105	2.360	43.281	156.211
Asalariados	18.537	10.787	7.750	288.373	776.325
Fixo	11.066	6.224	4.842	178.529	492.698
Eventual	7.471	4.563	2.908	109.844	283.627
Outras	275	114	161	3.557	11.269
Axudas familiares	184	65	119	2.637	7.926
Membro cooperativas	91	49	42	920	3.343

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 2001

cadro 2.11., o 43,4% das persoas ocupadas na área funcional de Lalín traballan no sector servizos (12.863 ocupados), sendo o segundo sector en volume de ocupación o agrícola, que acolle ao 22,4% dos ocupados totais da área funcional (6.645 persoas), fronte ás porcentaxes de ocupación deste sector na provincia de Pontevedra (4,2%) e no conxunto de Galicia (7,5%). O sector industrial acolle ao 17,9% da ocupación total da área funcional (5.325 persoas), o sector da construción acolle un 15,9% da ocupación total (4.732 ocupados) e o 0,3% restante está ocupado no sector pesqueiro (103 persoas).

Comparando co total galego, tal como se sinalou anteriormente, cómpre salientar a elevada importancia relativa dos sectores agrícola e construción (22,4% e 15,9% fronte aos 7,5% e 12,1% de peso relativo na economía galega), así como e o menor peso relativo do sector servizos (43,4% fronte ao 58,2% en Galicia). Asemade, a ocupación no sector in-

dustrial presenta na área funcional un peso porcentual lixeiramente inferior ao existente no conxunto da economía galega.

Atendendo á distribución comarcal, o citado **cadro 2.11.** reflicte, no que respecta á comarca do Deza, e en comparación coas porcentaxes de ocupación por sectores na provincia de Pontevedra e no conxunto de Galicia, que o peso relativo da poboación ocupada no sector agrícola (27,2% da poboación ocupada total na comarca) é moi superior ao que existe no conxunto de Galicia. Así mesmo, o peso da ocupación no sector da construción (14,5% da ocupación comarcal total) é case dous puntos porcentuais superior á ocupación provincial e galega no sector. No que respecta á comarca de Tabeirós-Terra de Montes, destacan as maiores porcentaxes de ocupación dos sectores agrícola (14,5%) e construción (18,3%) en relación ás porcentaxes de ocupación medias por sectores existente en Galicia.

Asemade, tal como se recolle no

anexo IV, se a análise se fai a nivel municipal, en oito dos nove concellos que integran a área funcional, as maiores porcentaxes de ocupación danse no sector servizos, destacando os concellos de A Estrada (53,5% do total de poboación ocupada), Cerdedo (50,2% da poboación ocupada) e Silleda (44,6% da poboación ocupada total). O segundo sector en importancia en porcentaxe de ocupación, en tódolos concellos da área analizada agás nos concellos de A Estrada e Lalín, é o sector agrícola.

Neste senso destacan os concellos de Rodeiro, co 51,5% da súa poboación ocupada no sector, o de Dozón, onde o sector agrícola acolle ao 46,1% da poboación ocupada no concello, ou o concello de A Golada, onde o 33,6% da poboación ocupada pertence ó sector agrícola. O industrial é o segundo sector en porcentaxe de poboación ocupada nos concellos de Lalín e A Estrada, co 25,9 e 17,8% da poboación ocupada, respectivamente.

Os **anexos V e VI** amosan a distribución da poboación ocupada segundo o nivel de estudos e a idade. Na comarca do Deza (**anexo V**) o 82% da poboación ocupada ten entre 20 e 54 anos (15.165 individuos), dos que o 66,8% (10.053 ocupados) posúen estudos de segundo grao, mentres que o 10,5% da poboación da comarca na citada franxa de idade ten estudos de terceiro grao. O **anexo VI** mostra a mesma información para a comarca de Tabeiros-Terra de Montes, onde salienta que o 71% da poboación ocupada a nivel comarcal ten entre 25 e 54 anos, dos que o 73,7% posúe estudos de segundo o terceiro grao.

Atendendo á distribución segundo a súa situación profesional, o **cadro 2.11**. reflicte que o número total de asalariados na área funcional de Lalín no ano 2001 ascendeu a 18.537 persoas (o 62,5% da poboación ocupada na área funcional), o que representa o 6,4% dos asalariados totais da provincia de Pontevedra e o 2,4% dos asalariados galegos. Os asalariados con contrato fixo representan o 59,7% dos asalariados totais (11.066 persoas) e os temporais, un 40,3% (7.471 persoas), sendo estas porcentaxes do 63,5% e 36,5% respectivamente no conxunto de Galicia.

O maior número de asalariados concéntrase na comarca do Deza, con 10.787 persoas, o que representa o 58,2% dos asalariados totais da área funcional. A porcentaxe de asalariados fixos na comarca do Deza é do 57,5%, 6 puntos porcentuais menos que a media de Galicia (63,5%). A comarca de Tabeirós-Terra de Montes presenta 7.750 asalariados, o 41,8% do total de asalariados existentes na área funcional, sendo a porcentaxe de asalariados fixos do 62,5%, 1 punto porcentual por debaixo da media galega.

O número total de empresarios, con e sen asalariados, acadou as 10.856 persoas (o 36,6% dos ocupados na área funcional de Lalín), polo que o seu peso relativo no total provincial e galego foi do 16% e do 4,8%, respectivamente. Atendendo á distribución entre empresarios con e sen asalariados, o devandito **cadro 2.11**. amosa que 8.465 empresarios non empregan persoal (o 77,8%) e que 2.391 si o fan (o 22,2%). A comarca do Deza é a que acolle un maior número de empresarios tanto

con como sen asalariados, co 70% dos empresarios totais da área funcional.

En termos relativos, as porcentaxes de empresarios sen asalariados sobre o total de empresarios nas comarcas do Deza e de Tabeirós-Terra de Montes (80,5% e 72,2% respectivamente) superan a porcentaxe media galega (68,8%).

No que respecta ás axudas familiares e aos membros de cooperativas, na área funcional de Lalín, estes ascenderon a 184 e 91 ocupados, respectivamente, o que representa o 7% e 10% do total provincial, respectivamente. A nivel comarcal, no que respecta ás axudas familiares, destaca a comarca de Tabeirós-Terra de Montes, co 64,7% das axudas familiares totais da área funcional, mentres que no caso dos membros de cooperativas, a comarca do Deza, con 49 individuos, acolle o 53,8% do total da área funcional.

No concernente á **poboación parada**, o **cadro 2.8.** amosa que esta ascendeu a 2.946 persoas, das que 2.287 xa traballaran antes e 659 persoas están á procura do seu primeiro emprego. Comparando co total provincial e galego, a área funcional de Lalín acolle o 5,5% do total de desempregados da provincia de Pontevedra e o 2% do total de desempregados galegos.

A comarca do Deza, con 1.633 persoas desempregadas, é a que presenta unha maior cantidade de habitantes nesta situación (o 55,4% do total da área funcional), cunha taxa de desemprego do 8,1%.

Atendendo á distribución segundo sexos, o **cadro 2.9.** amosa que, ao igual que acontece para o conxunto da provincia de Pontevedra e para Galicia, a área funcional de Lalín presenta un volume de mulleres desempregadas superior ao dos homes. Neste senso, no conxunto da comunidade autónoma o 53,7% das persoas desempregadas son mulleres, na provincia de Pontevedra esta porcentaxe é do 55,3% e no conxunto da área funcional obxecto de estudo a porcentaxe ascende ao 52,8% do total de persoas desempregadas.

Este predominio do desemprego feminino está presente nas dúas comarcas que compoñen a área funcional: así, na comarca do Deza o desemprego feminino representa o 51,1% do total e na comarca de Tabeirós-Terra de Montes a porcentaxe é do 55% do total.

No que respecta á **poboación inactiva** e á súa causa, o **cadro 2.8.** mostra que esta poboación ascendeu no conxunto da área funcional a 33.487 persoas (o 9,4% das persoas inactivas da provincia de Pontevedra e o 2,9% do total de inactivos da comunidade autónoma), dos que o 62,9% son mulleres (21.067 persoas).

Atendendo á causa da inactividade, o 52,4% das persoas inactivas da área funcional de Lalín (17.558 persoas) son persoas xubiladas. Comparada esta porcentaxe coa existente a nivel provincial, na área funcional á porcentaxe de xubilados é moi superior á existente na provincia de Pontevedra (33,9%), así como á media galega (39,1%).

2.12.

Paro rexistrado 2003-2004⁽¹⁾

	2003	2004	04/03	
			(número)	(%)
Área funcional de Lalín	2.539	2.555	16	0,6
Deza	1.205	1.212	7	0,6
Tabeirós-Terra de Montes	1.334	1.343	9	0,7
Provincia de Pontevedra	56.367	56.114	-253	-0,4
Galicia	157.337	154.361	-2.976	-1,9
Area Funcional / Galicia	1,6	1,7		
Area Funcional / Provincia	4,5	4,6		

(1) a 31 de decembro de cada ano
 Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

Atendendo á distribución comarcal, o devandito **cadro 2.8.** reflicte que 19.977 persoas inactivas pertencen á comarca do Deza (un 59,7%), seguida en importancia en canto ao número de inactivos da comarca de Tabeirós-Terra de Montes, con 13.510 persoas nesta situación (un 40,3%).

• **Paro rexistrado**

Segundo os datos do **cadro 2.12.**, no que aparecen reflectidas as cifras de paro rexistrado nas oficinas do Servizo Público de Emprego para os anos 2003 e 2004, o paro rexistrado na área funcional de Lalín a 31 de decembro do ano 2004 ascendeu a 2.555 persoas desempregadas, 16 persoas máis que no ano anterior, o que significa un aumento do paro rexistrado na área funcional do 0,6%, fronte ás reducións do 0,4% e do 1,9% que se deron na provincia de Pontevedra e no conxunto de Galicia, respectivamente, do paro rexistrado no período 2003-2004.

O incremento no paro rexistrado que se observa no conxunto da área funcional reflicte unha tendencia similar nas dúas

comarcas que a compoñen. Neste senso, o incremento do paro rexistrado na comarca do Deza foi do 0,6% (7 persoas paradas máis) e na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, do 0,7% (9 persoas paradas máis).

Dado o maior incremento porcentual do paro rexistrado na área funcional que o incremento rexistrado na provincia de Pontevedra e en Galicia, o peso porcentual do paro rexistrado na área funcional respecto á provincia de Pontevedra pasou do 4,5% no ano 2003 ao 4,6% no ano 2004. No que respecta ao peso porcentual en relación ao conxunto de Galicia, este pasou do 1,6% no ano 2003 ao 1,7% no ano 2004.

No **cadro 2.13.** recóllense datos do paro rexistrado a 31 de decembro do ano 2004 desagregados por sectores de actividade económica. Destes datos dedúcese que, ao igual que acontece no conxunto de Galicia e a nivel provincial, a maior parte do desemprego rexistrado nas dúas comarcas da área funcional prodúcese na actividade de “outros servizos”, con 614 desempregados, o 24% do desemprego total da área funcional de Lalín, seguida

2.13.

Paro rexistrado a 31-12-2004: distribución segundo sectores de actividade económica

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Electricidade	Construción	Comercio e hostalera	Transporte e comunicación	Outros servicios	Sen emprego anterior
Área funcional de Lalín	2.555	63	359	1	430	468	67	614	553
Deza	1.212	38	204	1	209	210	35	291	224
Taboíros-Terra de Montes	1.343	25	155	-	221	258	32	323	329
Provincia de Pontevedra	56.114	2.000	10.093	24	5.788	12.707	1.902	14.624	8.976
Galicia	154.361	4.246	25.212	311	19.146	32.852	4.737	43.416	24.441
Área funcional / Provincia	4,6	3,2	3,6	4,2	7,4	3,7	3,5	4,2	6,2
Área funcional / Galicia	1,7	1,5	1,4	0,3	2,2	1,4	1,4	1,4	2,3

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

2.14.

Paro rexistrado a 31-12-2004: distribución segundo grupos de idade

	Total	Menores de 35 anos			Resto de idades		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Área funcional de Lalín	2.555	450	765	1.215	655	685	1.340
Deza	1.212	225	348	573	330	309	639
Tabeirós-Terra de Montes	1.343	225	417	642	325	376	701
Provincia de Pontevedra	56.114	10.719	16.202	26.921	11.149	18.044	29.193
Galicia	154.361	27.588	42.719	70.307	34.465	49.589	84.054
Área Funcional/Provincia	4,6	4,2	4,7	4,5	5,9	3,8	4,6
Área Funcional/Galicia	1,7	1,6	1,8	1,7	1,9	1,4	1,6

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

das categorías de “sen emprego anterior”, con 553 desempregados, o 21,6% do desemprego total; da actividade de “comercio e hostalería”, con 468 desempregados, o 18,3% do desemprego total; da actividade de “construción”, con 430 desempregados, o 16,8% do desemprego total; e da actividade industrial, con 359 desempregados, o 14% do desemprego total da área funcional.

En termos relativos, a área funcional de Lalín acolle ao 4,6% do paro total rexistrado na provincia de Pontevedra e o 1,7% do paro total rexistrado na comunidade autónoma. Cómpre salientar a importancia relativa do desemprego rexistrado na área funcional na actividade de construción, que representa o 7,4% e o 2,2% do paro rexistrado nesta actividade no conxunto da provincia de Pontevedra e en Galicia, respectivamente.

Tendo en conta a distribución das persoas desempregadas en función da súa idade, **cadro 2.14.**, o 47,5% das persoas desempregadas da zona obxecto de estudo teñen menos de trinta e cinco anos, das que o 63% son mulleres. En xeral, o 56,7% das persoas desempregadas da área funcional analizada son mulleres

(1.450), das que o 52,8% teñen menos de trinta e cinco anos.

Medidas activas de emprego

As medidas activas de emprego poden agruparse en catro grandes grupos: as medidas destinadas á mellora da empregabilidade, as actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, as actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, e, finalmente, os programas de cooperación e escolas obradoiro.

Ao longo do ano 2004 os programas de **mellora da empregabilidade** configúranse como unha oferta integral de servizos que se poden agrupar en medidas de formación, asesoramento e intermediación laboral. A xestión de todas estas medidas corresponde ao Servizo Público de Emprego (SPE), contando cunha rede complementaria de entidades que actúan por conta do SPE e baixo a súa coordinación.

O número de beneficiarios das actuacións de orientación laboral na área funcional de Lalín, **cadro 2.15.**, ascendeu a

2.15.

Beneficiarios das actuacións de orientación laboral 2003-04

	2003	2004
Area funcional de Lalín	1.432	1.166
Comarca do Deza	433	381
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	999	785
Provincia de Pontevedra	23.547	20.277
Galicia	67.006	59.795

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego:balance de resultados

2.16.

Resultado das accións de orientación realizadas 2003-04

	2003			Total Pontevedra	Total Galicia
	Area funcional de Lalín				
	Total	Deza	Tabeirós-Terra de Montes		
CV altamente incoherente: modificado	-	-	-	16	162
Exclusión definitiva programa PIL-RAI	-	-	-	7	30
Exclusión temporal programa PIL-RAI	-	-	-	4	26
Finalización programa PIL-RAI	11	-	11	578	2.071
Necesita máis orientación	26	15	11	363	1.878
Necesita máis orientación con urxencia	18	1	17	37	111
Non lle interesa buscar traballo activamente	81	22	59	440	1.406
O demandante non asistiu á entrevista	523	190	333	8.201	22.074
Orientación finalizada normalmente	584	153	431	12.488	35.209
Perfecta adecuación do seu CV	154	20	134	715	1.672
Precisara máis orientación, por enfermidade	4	1	3	130	366
Só precisa información	31	31	-	598	1.803
Sen facilitar	-	-	-	27	198
Total	1.432	433	999	23.604	67.006
	2004			Total Pontevedra	Total Galicia
	Area funcional de Lalín				
	Total	Deza	Tabeirós-Terra de Montes		
CV altamente incoherente: modificado	-	-	-	7	62
Exclusión definitiva programa PIL-RAI	-	-	-	-	-
Exclusión temporal programa PIL-RAI	-	-	-	-	2
Finalización programa PIL-RAI	-	-	-	47	130
Necesita máis orientación	9	3	6	225	1.229
Necesita máis orientación con urxencia	2	-	2	8	63
Non lle interesa buscar traballo activamente	70	29	41	304	1.221
O demandante non asistiu á entrevista	476	189	287	7.695	21.844
Orientación finalizada normalmente	270	124	146	10.437	31.316
Perfecta adecuación do seu CV	329	31	298	941	1.820
Precisara máis orientación, por enfermidade	5	-	5	93	348
Só precisa información	5	5	-	26	1.677
Sen facilitar	-	-	-	494	109
Total	1.166	381	785	20.277	59.821

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego:balance de resultados

2.17.

Movimentos e xestións nas Oficinas de Emprego da Xunta 2004

	Oficinas de emprego na área funcional de Lalín			Total Pontevedra
	Total	Deza	Tabeirós-Terra de Montes	
Movimentos				
Altas de demanda	16.879	8.776	8.103	363.076
Baixas de demanda	16.880	8.833	8.047	370.147
Novas inscricións	1.197	697	500	16.460
Nº contratos rexistrados	8.138	5.414	2.724	218.311
Xestión				
Nº ofertas de traballo	917	426	491	17.576
Nº orientacións laborais realizadas	308	46	262	7.054
Nº beneficiarios PIL-RAI do 2003 citados	-	-	-	-
Paro rexistrado a 31/12/2004	2.815	1.212	1.603	56.116
Nº ofertas tramitadas por centros asociados da área de influencia	110	47	63	3.665
Nº demandantes asistentes a cursos de F.O.	1.123	571	552	9.388

Fonte: Elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego: balance de resultados

1.166 persoas no ano 2004 (un 18,6% menos que no ano 2003), o que representa o 5,7% dos beneficiarios totais da provincia de Pontevedra e o 1,9% dos beneficiarios galegos destas medidas. A distribución dos beneficiarios destas actuacións por comarcas mostra como é na comarca de Tabeirós-Terra de Montes onde se localizan un maior número, con 785 beneficiarios no ano 2004, o que supón o 67,3% dos beneficiarios totais da área funcional no citado ano.

O **cadro 2.16.** reflicte que do total das citadas 1.166 actuacións efectuadas no conxunto da área funcional no ano 2004, o 40,8% (476 actuacións) corresponde a orientacións nas que o demandante non asistiu á entrevista, mentres que o 28,2% (329 actuacións) son aquelas nas que o CV adecuábase perfectamente.

Nas dúas comarcas da área funcional, as orientacións nas que o demandante non asistiu á entrevista son as máis importantes en número, 287 na comarca de Tabeirós-Terra de Montes e 189 na comarca do Deza.

En relación aos datos rexistrados nas **oficinas do Servizo Público de Emprego** da Xunta de Galicia no ano 2004, destacar en primeiro lugar que na área funcional de Lalín existen dúas oficinas de emprego da Xunta de Galicia, localizadas nos concellos de A Estrada (ámbito xeográfico Cuntis, A Estrada e Forcarei) e Lalín (ámbito xeográfico Dozón, A Golada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces). O concello de Cerdedo entra dentro do ámbito xeográfico da oficina de emprego de Pontevedra.

O **cadro 2.17.** mostra como das 363.076 altas de demanda rexistradas na provincia de Pontevedra, 16.879 pertencen á área funcional obxecto de estudo (o 4,6%), e das 370.147 baixas de demanda da provincia de Pontevedra, 16.880 pertencen á área funcional de Lalín (o 4,6%). Nese ano rexistráronse un total de 8.138 contratos no conxunto da área funcional, o que supón o 3,7% do total de contratos rexistrados no citado ano no conxunto da provincia de Pontevedra.

No concerne á xestión nestas ofi-

cinas, en 2004 rexistráronse un total de 917 ofertas de traballo na área funcional de Lalín, (o 5,2% do total da provincia de Pontevedra), das que a oficina da comarca de Tabeirós-Terra de Montes acolle o 53,5% (491 ofertas de traballo) e a oficina de Lalín, con 426, o 46,5% restante.

O devandito **cadro 2.17.** mostra que, en 2004, os centros asociados da área de influencia das oficinas pertencentes á área funcional de Lalín tramitaron un total de 110 ofertas (o 3% das tramitadas por estes centros na provincia de Pontevedra), das que 63 corresponden á oficina de A Estrada e 47, á oficina de Lalín.

O número de demandantes asistentes a cursos de formación ocupacional na área obxecto de estudo ascendeu en 2004 a 1.123 persoas (o 12% do total da provincia de Pontevedra), dos que 571 pertencen á comarca do Deza e 552, á de Tabeirós-Terra de Montes.

No que se refire á **programación FIP** na área de Lalín, **cadro 2.18.**, ao longo do ano 2004 realizáronse un total de 44 cursos, aos que asistiron 695 alumnos, cunha media de 15,8 alumnos por curso (17 alumnos de media por curso no conxunto de Galicia). O orzamento deste cursos acadou os 1.456 miles de euros, o que representa o 12,1% e o 3,4% do orzamento total da provincia de Pontevedra e de Galicia, respectivamente, para estes cursos.

No marco das actuacións para o **fomento do emprego e da estabilidade laboral**, **cadro 2.19.**, na área funcional de Lalín beneficiáronse un total de 378 tra-

balladores, o que representa o 7,5% do total de beneficiarios da provincia de Pontevedra e o 3% do total de Galicia. O investimento total neste tipo de medidas ascendeu a 940,6 miles de euros, sendo o seu peso relativo no investimento total galego do 3% (o 7,4% no total provincial). A nivel comarcal, o 81,2% dos beneficiarios totais destas actuacións no conxunto da área funcional pertencen á comarca do Deza (307 beneficiarios dos 378 beneficiarios totais na área funcional).

As medidas de fomento do emprego e da estabilidade laboral complétanse con medidas e axudas a **novas iniciativas** e outras fórmulas empresariais englobadas baixo o concepto de **economía social**. No ano 2004, na área funcional de Lalín beneficiáronse das axudas ao desenvolvemento da economía social e do autoemprego un total de 237 persoas, sendo o investimento neste tipo de actuacións na área de 822,4 miles de euros (**cadro 2.20.**).

Comparado co total provincial e galego, no ano 2004 a área funcional de Lalín acolle ao 8% e ao 2,7% dos beneficiarios da provincia de Pontevedra e Galicia, respectivamente, sendo estas porcentaxes do 7,5% e do 2,5% no caso do investimento realizado.

Finalmente, no que aos **programas de cooperación e escolas-obradoiro** se refire, o **cadro 2.21.** reflicte que dos programas de cooperación beneficiáronse 190 persoas na área funcional, programas aos que se destinou un investimento de 1.657,8 miles de euros, mentres que os

2.18.

Programación FIP 2004: cursos, alumnos e orzamentos

	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en miles de €)
Área funcional de Lalín	44	695	1.456
Conarca do Deza	24	360	782,9
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes	20	335	673,1
Provincia de Pontevedra	377	6.680	12.057,7
Galicia	1.408	23.923	42.921,1

Fonte: Consellería de Traballo, Memoria 2004

2.19.

Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral 2004

	Beneficiarios	Investimento (en €)
Área funcional de Lalín	378	940.603,4
O Deza	307	748.158,2
Tabeirós- Terra de Montes	71	192.445,2
Provincia de Pontevedra	5.062	12.675.660,2
Galicia	12.484	31.057.712,6

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego:balance de resultados

2.20.

Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego 2004

	Beneficiarios	Investimento (en €)
Área funcional de Lalín	237	822.439,9
O Deza	140	499.684,9
Tabeirós- Terra de Montes	97	322.755,1
Provincia de Pontevedra	2.968	10.898.172,7
Galicia	8.705	32.828.794,1

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego:balance de resultados

2.21.

Programas de cooperación e escolas obradoiro 2004

	Programas de cooperación		Escolas obradoiro	
	Beneficiarios	Investimento (en €)	Beneficiarios	Investimento (en €)
Area funcional de Lalín	190	1.657.780	177	2.318.686
O Deza	122	1.073.548,0	96	1.335.343,5
Tabeirós- Terra de Montes	68	584.232,0	81	983.342,5
Provincia de Pontevedra	1.767	15.111.229,4	1.121	10.947.073,5
Galicia	7.048	60.656.311,7	3.872	33.727.338,1

Fonte: Consellería de Traballo, Medidas activas de emprego:balance de resultados

beneficiarios das escolas-obradoiro no ano 2004 na área funcional ascenderon a 177, cun investimento de 2.318,7 miles de euros. ■